



Copia

PREGUNTA ORAL SOBRE O INCUMPRIMENTO DO ENVÍO DO INFORME DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA URBANA NORTE AOS GRUPOS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso da sesión plenaria do pasado mes de febreiro aprobouse por unanimidade, conforme a unha proposta do Grupo Popular, que no prazo de dous meses por parte do Goberno municipal se elaborara e se lle entregara a cada un dos grupos representados na Corporación un balance previo ao informe final do programa Urbana Norte Santiago no que se indicara: o grao de execución da totalidade do programa Urbana Norte Santiago, coa desagregación das partidas certificadas; a situación das actuacións contempladas no mesmo e que non foron recibidas a 31 de decembro, indicando as previsións para o seu remate ou posta a disposición; unha primeira avaliación da efectividade das actividades postas en marcha nos ámbitos empresarial, de integración social e de emprego; e a información da execución financeira do proxecto, co detalle dos fondos efectivamente recibidos da UE e a previsión do retorno total.


Pasaron oito meses desde aquel acordo, seis meses máis desde o remate do prazo acordado e o citado informe non foi entregado aos grupos da Corporación. O incumprimento e a tardanza non son doados de entender, tendo en conta que estamos a falar dun proxecto enmarcado no período operativo 2007-2013 dos fondos FEDER que tiña limitado o procedemento de elixibilidade do gasto ata o 31 de decembro de 2015 – polo que xa non é posible imputarlle novos gastos ao proxecto- e, dentro dese marco, os xestores teñen a obriga de presentar un informe anual cada 30 de xuño e un informe final o 31 de marzo de 2017. Isto fai que o Concello tería que dispoñer xa dese balance da execución do citado programa que todos os grupos acordaron demandar.

Ese informe, que o Concello non ten enviado aínda, permitiría coñecer o grao de execución deste programa, valorar o seu nivel de execución e serviría tamén de avance para a elaboración final do programa que terá que remitirse obrigatoriamente nun prazo de cinco meses.

Atendendo a estas consideracións, o Grupo Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo que o Goberno non teña enviado o balance previo ao informe final do programa Urbana Norte Santiago, incumprindo o acordo plenario que sinalaba como tope o pasado mes de abril, e cando pensa remitilo, poñendo fin a unha mostra máis da falta de participación e transparencia na xestión municipal?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016



Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Popular